



Ordenanza xeral reguladora de subvencións

Artigo 1º. Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polo Concello de Barbadás, na medida en que sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas, que non contan con ordenación específica de regulación.

Artigo 2º. Concepto de subvención

Enténdese por subvención toda disposición diñeiraria realizada polo Concello de Barbadás a prol de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, ou á concorrencia dunha situación, debendo o/a beneficiario/a cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta lei as achegas diñeirarias que en concepto de cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, realice o Concello de Barbadás a favor das asociacións a que pertenza, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, así como os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario, as achegas a grupos políticos nin as axudas de emerxencia social.





CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 3º Requisitos

O outorgamento das subvencións debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se deriven da concesión de subvencións.
- b) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que establece esta Ordenanza.
- c) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico.
- d) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Artigo 4º. Órganos competentes para a concesión de subvencións

En aplicación da lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a competencia para a concesión de subvencións corresponde ao alcalde/sa ou ao órgano que sinalen as Bases de execución do orzamento ou os acordos de delegación de competencias, cando non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento; no resto dos casos o órgano concedente será o Pleno.

Artigo 5º. Definición do obxecto da subvención.

O obxecto da subvención deberá definirse na convocatoria que se publique para cada unha das subvencións ou no convenio que as regule.

Artigo 6º. Beneficiarios/as

- 1.- Terá a consideración de beneficiario/a de subvencións a persoa que vaia a realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.
- 2.- Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario/a que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión de subvencións en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios/as.
- 3.- Poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas





CONCELLO DE BARBADÁS

ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un/unha representante ou apoderado/a único/a da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario/a, corresponden á agrupación.

Artigo 7º. Obrigas

Son obrigas dos/as beneficiarios/as:

- 1.- Cumprir o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- 2.- Xustificar ante o Concello de Barbadás o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
- 4.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 5.-Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- 6.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou, de ser o caso, os estados contables que garantan o axeitado exercicio





CONCELLO DE BARBADÁS

das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

8.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 da LXS.

Artigo 8º. Publicidade das subvencións concedidas.

1.- A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

A información suxeita ás obrigas de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web e de maneira clara, estruturada e entendible para os/as interesados/as e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Estableceranse os mecanismos adecuados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización.

Cando se trate de entidades sen ánimo de lucro que persigan exclusivamente fines de interese social ou cultural e cuxo orzamento sexa inferior a 50.000 euros, o cumprimento das obrigas derivadas desta Lei poderá realizarse utilizando os medios electrónicos postos a súa disposición pola Administración Pública da que proveña a maior parte das axudas ou subvencións públicas percibidas.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Ley, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigas de publicidade.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de





CONCELLO DE BARBADÁS

transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, publicaranse os seguintes contidos:

a) as convocatorias de subvencións; a tales efectos, en todas as convocatorias suxeitas a esta Lei, as administracións concedentes comunicarán á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola Base de Datos. A BDNS dará traslado ao diario oficial correspondente do extracto da convocatoria, para a súa publicación, que terá carácter gratuito. A convocatoria dunha subvención sen seguir o procedemento indicado será causa de anulabilidade da convocatoria.

b) As subvencións concedidas; para a súa publicación, as administracións concedentes deberán remitir a Base de Datos Nacional de Subvencións as subvencións concedidas con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados. Non serán publicadas as subvencións concedidas cando a publicación dos datos do/a beneficiario/a en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal ou familiar das persoas físicas, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, y fose previsto na súa normativa reguladora.

Artigo 9. Financiamento das actividades subvencionadas.

1.-A convocatoria da subvención determinará o réxime de compatibilidade ou incompatibilidade para a percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos intencionais, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

2.-O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.





CONCELLO DE BARBADÁS

3.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións.

TITULO I. PROCEDIMENTOS DE CONCESIÓN E XESTION. □

CAPITULO 1. Procedementos de concesión.

Artigo 10. Os procedementos da concesión.

Os procedementos de concesión de subvencións serán, con carácter xeral e ordinario, o de concorrencia competitiva, e, con carácter excepcional, o de concesión directa.

Artigo 11. Procedemento ordinario: a concorrencia competitiva

- 1.- O procedemento ordinario de concesión das subvencións reguladas nesta Ordenanza tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.
- 2.- Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento no que a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado nesta, dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.
- 3.- Neste suposto, a proposta de concesión formularase ao órgano concedente por un órgano colexiado a través do órgano instrutor.

Artigo 12. Convocatoria.

- 1.- A iniciación de oficio realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano





CONCELLO DE BARBADÁS

competente para a concesión, que desenvolverá o procedemento para a concesión das axudas convocadas segundo o establecido neste Título e terá necesariamente o seguinte contido:

- a) Indicación da disposición que estableza, de ser o caso, as bases reguladoras e do boletín oficial en que estea publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.
- b) Créditos orzamentarios aos que se imputa e contía total das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, en defecto, contía estimada das subvencións.
- c) Incorporar ao expediente o correspondente documento contable da autorización do gasto, documento A, polo importe total da convocatoria.
- d) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
- e) Expresión de que a concesión se efectúa en réxime de concorrencia competitiva.
- f) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
- g) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
- h) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 2 deste artigo.
- i) Documentos e informacións que deben achegar á petición.
- j) De ser o caso, posibilidade de reformulación de solicitudes.
- k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que poderá interpor recurso de alzada.
- l) Criterios de valoración das solicitudes.
- m) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das AAPP e PAC.

2.- As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na convocatoria.

3.- A convocatoria da subvención poderá admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención requirirase a presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contidos na citada declaración, nun prazo non superior a 15 días.





CONCELLO DE BARBADÁS

4.- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao/á interesado/a para que os corrixa no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicando que se non o fixera se desestimarán a súa solicitude.

Artigo 13. Órgano de instrución.

A instrución do procedemento da concesión de subvencións corresponderá ao persoal ao servizo do Concello de Barbadás e á Concellaría que promova a convocatoria. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Artigo 14. Proposta da resolución provisional.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados no xeito que estableza a convocatoria, tales como taboleiros de anuncios, notificacións ordinarias etc., e concederáselle un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polos/as interesados/as. Neste caso a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do/a beneficiario/a proposto fronte á Administración mentres non se lle notificara a resolución definitiva da concesión.

Artigo 15. Órgano concedente.

A proposta de concesión formularase ao órgano concedente, que será o competente segundo a lexislación local, polo órgano colexiado a través do órgano instrutor.





CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 16. Resolución.

A resolución deberá ser motivada e conter ademais do/a solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención fará constar, de ser o caso e de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 3 meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, agás que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen ter notificado a resolución, lexítima aos/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Artigo 17. Do procedemento de concesión directa.

1.- Poderán concederse de forma directa:

- a) As previstas nominativamente no orzamento municipal, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2.- A tramitación dun expediente de subvención polo procedemento extraordinario de concesión directa esixirá ademais do acordo de resolución da concesión, a sinatura dun convenio no que se establecerán as condicións e compromisos aplicables ás partes así como todos os extremos da subvención de conformidade co disposto nesta Ordenanza.

O convenio de colaboración non poderá ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no mesmo a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total das prórrogas poida ser superior á vixencia do período inicial e sen que en conxunto a duración total do convenio de colaboración poida exceder de seis anos.





CONCELLO DE BARBADÁS

3.- O convenio deberá determinar como mínimo:

- a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Réxime xurídico aplicable, se pola súa especialidade lles fora aplicable algún distinto do que establece a Lei 38/2003 e esta ordenanza.
- c) Os/as beneficiarios/as e as obrigas que se establecen para estes/as, así como as entidades colaboradoras se as houbese e as obrigas destas.
- d) De ser o caso, o réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos/as interesados/as.

Artigo 18. Premios

1. A disposición adicional décima da lei 38/2003 xeral de subvencións establece respecto dos premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza que regulamentariamente se establecerá o réxime especial aplicable o seu outorgamento que deberá axustarse a Lei Xeral de Subvencións, salvo en aqueles aspectos que, pola especial natureza das subvencións non resulten aplicables.

2. O contido mínimo das bases da convocatoria será:

- Obxecto dos premios
- Características da celebración do concurso
- Requisitos de inscrición
- Definición do órgano avaliador (xurado, xuíz ou equivalente)
- Premios a outorgar
- Criterios de adxudicación que de acordo co artigo 17.3.e) da lei 38/2003 Xeral de Subvencións deberán ser obxectivos.
- As bases da convocatoria deberán respectar os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

3. A publicidade da convocatoria consistirá en:

No caso de que o ámbito de difusión sexa o municipio, dadas as características do concurso, os medios que acorde o órgano concedente e que garantan a publicidade (anuncio nun diario de maior difusión, bandos, carteis informativos) e, en todo





CONCELLO DE BARBADÁS

caso, a publicidade na BDNS de conformidade co disposto no artigo 8 desta ordenanza.

Capítulo II. Xestión e xustificación das subvenciones.

Artigo 19. Xustificación das subvencións públicas.

1. A- xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase a través da conta xustificativa do gasto realizado, cuxa rendición constitúe un acto obrigatorio para o/a beneficiario/a.
2. A rendición da conta xustificativa deberá incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública, consistindo en:
 - a) A declaración das actividades realizadas que foran financiadas coa subvención e o seu custo.
 - b) Relación de facturas que acrediten a aplicación dos fondos recibidos e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
3. Cando as actividades foran financiadas, ademais de coa subvención, con fondos doutras subvencións ou axudas, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
4. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos neste capítulo ou a xustificación insuficiente da mesma levará consigo o reintegro.

Artigo 21. Comprobación de subvencións

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así





CONCELLO DE BARBADÁS

como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou goce da subvención.

Capítulo III. Xestión orzamentaria.

Artigo 22. Procedemento de aprobación do gasto e pagamento.

1. Con carácter previo á convocatoria da subvención ou á concesión directa desta, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos no Texto refundido da lei reguladora de facendas locais e nas Bases de execución do orzamento. Conxuntamente coa aprobación da convocatoria será aprobado o gasto polo órgano competente.
2. A Resolución de concesión da subvención levará o compromiso do gasto correspondente.
3. O pagamento da subvención realizarase previa xustificación, polo/a beneficiario/a, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para a que se concedeu.
4. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da presente lei 38/2003.
5. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o/a beneficiario/a non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

TÍTULO II. Do reintegro, do control financeiro e das infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións. □

23.-Do reintegro.

Nesta materia o Concello de Barbadás rexerese polo establecido no Título II da Lei 38/2003, así como nas disposicións de desenvolvemento.





CONCELLO DE BARBADÁS

24.-Do control financeiro.

Nesta materia o Concello de Barbadás rexerose polo establecido no Título III da Lei 38/2003, así como nas disposicións de desenvolvemento.

25.-Das infraccións e sancións administrativas.

Por tratarse de materia reservada á lei nesta materia o Concello de Barbadás rexerose pola disposicións contidas no Título IV da Lei 38/2003.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación integra no diario Boletín Oficial da Provincia e o transcurso do prazo establecido no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello.

Barbadás 15 de setembro de 2017.

O ALCALDE

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval

